



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2018

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018

REUNIDOS

Marta Míguez Telle, secretaria xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, no uso das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Juan Carlos Muñiz Nieto, presidente da Federación Galega de Ciclismo na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas para o efecto polos seus estatutos federativos.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar a addenda ao convenio de colaboración suscrito o 4 de abril de 2018 para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2018 e para estes efectos,

EXPOÑEN

Coa finalidade de atender a promoción e fomento do deporte federado da súa modalidade na Comunidade autónoma de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte asinou, o 4 de abril de 2018 un convenio de colaboración coa Federación Galega de Ciclismo polo importe total de noventa e nove mil corenta e un euros (**99.041,00 €**) coa seguinte distribución por programas:





PROGRAMAS	IMPORTE
1. Gastos xerais de funcionamento	24.750,00 €
2. Tecnificación e Rendemento no CGTD	0,00 €
3. Actividade deportiva ordinaria	61.291,00 €
4. Tokio 2020	4.000,00 €
5. Actividade deportiva de promoción - Do deporte en idade escolar - Do xénero menos representado dentro da práctica deportiva da federación - Do deporte para deportistas discapacitados	4.000,00 €
6. Outros proxectos de especial relevancia	5.000,00 €
<ul style="list-style-type: none"> • CAMPEONATO DE ESPAÑA ESCOLAR • COPA ESPAÑA ENDURO BTT • COPA ESPAÑA DE ULTRAMARATÓN • COPA GALICIA-PRESIDENTE DA XUNTA • CAMPEONATO DE ESPAÑA DE CICLOCROSS 	1.000,00 € 1.000,00 € 1.000,00 € 1.000,00 € 1.000,00 €
TOTAL	99.041,00 €

A Federación Galega de Ciclismo, na xuntanza mantida coa Secretaría Xeral para o Deporte o 28 de maio de 2018, na Casa do Deporte en Vigo, informou da disputa da Volta Ciclista a Galicia entre o 19 e o 23 de setembro de 2018.

A volta contará con cinco etapas que percorreren as catro provincias galegas. Participarán dezanove equipos, dos cales sete son galegos, e un total de 140 ciclistas. A Volta Ciclista a Galicia é unha proba por etapas, con participantes das categorías Elite e Sub-23, destinada á promoción das novas promesas do ciclismo nacional; unha proba que serve de escaparate para os mellores corredores dende os dezanove anos ata que pasan ao profesionalismo. Dentro da clasificación das probas ciclistas por etapas, a Volta Ciclista a Galicia ten un nome consolidado no calendario nacional como evento deportivo de primeiro nivel.

Conforme ao anterior, as partes acordan a seguinte

CLÁUSULA

Acórdase modificar, mediante a incorporación como Proxecto de Especial Relevancia da Volta Ciclista a Galicia, o cadro de financiamento que figura no convenio asinado o





4 de abril de 2018 como ficha I, de xeito que esta queda como se mostra a continuación:

PROGRAMAS	IMPORTE
1. Gastos xerais de funcionamento	24.750,00 €
2. Tecnificación e Rendemento no CGTD	0,00 €
3. Actividade deportiva ordinaria	61.291,00 €
4. Tokio 2020	4.000,00 €
5. Actividade deportiva de promoción - Do deporte en idade escolar - Do xénero menos representado dentro da práctica deportiva da federación - Do deporte para deportistas discapacitados	4.000,00 €
6. Outros proxectos de especial relevancia	65.000,00 €
<ul style="list-style-type: none"> • CAMPEONATO DE ESPAÑA ESCOLAR • COPA ESPAÑA ENDURO BTT • COPA ESPAÑA DE ULTRAMARATÓN • COPA GALICIA-PRESIDENTE DA XUNTA • CAMPEONATO DE ESPAÑA DE CICLOCROSS • VOLTA CICLISTA A GALICIA 	1.000,00 € 1.000,00 € 1.000,00 € 1.000,00 € 1.000,00 € 60.000,00 €
TOTAL	159.041,00 €

Polo tanto, o importe total do convenio ascende a cento cincuenta e nove mil corenta e un euros (159.041,00 €), imputables á aplicación orzamentaria e á anualidade que deseguido se identifican:

Aplicación orzamentaria: 04.40.441A.481.0.
 Anualidade 2018

En proba de conformidade as partes que interveñen asinan a presente addenda no lugar e día arriba indicados.

A secretaria xeral para o Deporte


Marta Míguez Telle

O presidente da Federación Galega de Ciclismo


Juan Carlos Muñiz Nieto